



Concello de Monterroso

BASES PARA CONTRATAR DOUS CONDUTORES PARA O MANEXO DA MOTOBOMBA.

Primeiro.- **OBXECTO DA CONVOCATORIA:**

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de **DOUS candidatos/as** para o desempeño do posto de traballo de ENCARGADO DO MANEXO DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA durante a vixencia do convenio para a prevención e defensa contra incendios forestais.

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (en sucesivas citas EBEP); na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; no Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Segundo.- **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos, unha proba tipo test, una proba práctica e entrevista curricular.

Terceiro.- **REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Serán requisitos imprescindibles:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e



Concello de Monterroso

dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezoito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A tal efecto e con carácter previo á contratación realizarase un recoñecemento médico para garantir unha capacidade física axeitada para o traballo a realizar.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión das seguintes titulacións e requisitos específicos: Carné de conducir tipo C.

Cuarto.- **DURACIÓN**

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.

A operatividade do VMB será de 16 horas diarias realizando labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

Quinto.- **PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes, nas oficinas municipais no prazo de 5 días naturais, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia, en horario de 09:00 a 14:00 h. As instancias xuntaranse copias compulsadas dos



Concello de Monterroso

documentos que acrediten os méritos que se aducen, así como do D.N.I., declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como un recoñecemento médico previo á contratación para garantir unha capacidade física axeitada.

Igualmente, poderán presentarse a través do procedemento previsto no art. 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste suposto, será necesario adiantala por fax ó nº 982377617, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

As bases publicaranse na web www.monterroso.es e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sexto.- **CRITERIOS DE SELECCIÓN.**

A selección farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

I Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría.

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 0'20 puntos/mes máximo 2 puntos; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira na empresa privada: 0'15 puntos/mes máximo 2 puntos; certificación da Empresa ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral.

II. Formación previa. Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Ata un máximo de 2 puntos

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

III. Proba práctica relacionada co manexo e a operatividade do vehículo motobomba e coñecemento do termo municipal. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 10 puntos.

IV. Entrevista curricular, co fin de valorar a súa aptitude e actitude para as funcións do posto de traballo a desenvolver. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 4 puntos

Sétimo.- **TRIBUNAL SELECCIONADOR.**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as

Concello de Monterroso



Concello de Monterroso

aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta: Patricia Corral Rodríguez, funcionaria do Concello de Monterroso
- Secretaria: José Luis Mato Vázquez, funcionario do Concello de Monterroso
- Vogais: Miguel Calvo Rodríguez, Fernando Otero Gómez e Rafael García Figueiras, capataces do GRUMIR adscritos no GES de Monterroso.

As persoas substitutas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Oitavo.- **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón). O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as e citaráo para a realización da proba práctica e da entrevista curricular. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún



Concello de Monterroso

caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados. Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello. Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico. A non superación do recoñecemento médico será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Noveno.- **BOLSA DE TRABALLO**

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumprase nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2016.

Décimo.- **RETRIBUCIÓN.**

O salario base mensual máis o prorrateo das extras dos traballadores será de 1.086 € mensuais.

Undécimo.- **CONTRATACIÓN.**

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello (monterros.es).

Duodécimo.- **RECURSOS.**

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Monterroso, 30 de maio de 2017

O alcalde

Miguel Rico Gómez.

(asinado dixitalmente á marxe)



Concello de Monterroso

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE DOUS CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE MONTERROSO.

D. /D^a.

Natural de Provisto de
DNI

Con domicilio a efectos de notificación en
.....

Teléfono

Diante de vostede comparezo e expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Monterroso (marque o posto ó que opta)

---- Condutor VMB

Documentación que se adxunta:

	Fotocopia de DNI.
	Copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes
	Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron xunto co vida laboral.
	Copia cotexada do permiso de condución
	Copias cotexadas de documentos acreditativos de calquera outro requisito esixido na convocatoria.

.....,, 2017